

Boas tardes autoridades, compañeiras, familiares e, sobre todo, graduadas e graduados.

Primeiramente, **quixera felicitarvos**. Chegar ata aquí non foi nada sinxelo, e hoxe é un día para celebrar todo ese esforzo, todas esas horas e tamén todo o que vivistes e aprendestes nestes anos.

Para min é un verdadeiro honor compartir este momento con vós. E faime especial ilusión por partida dobre.

Por un lado, por poder acompañar ao padriño desta promoción, **Eduardo Liz**, institución onde as haxa. (Algún compañeiro describíao hai uns anos coma o *Rafa Nadal das graduacións*). Grazas a el levo quince anos felizmente reconciliada coas matemáticas e, polo que vexo, Eduardo... segues mantendo esa chispa.

O segundo motivo sodes vós. Esta promoción é moi especial para min, xa que no 2022 —a primeira vez que nos atopamos— tiven a sorte de volver á Escola (onde me formei, ao meu fogar), pero desta volta como profesora. A verdade é que a acollida por parte dos compis e tamén pola vosa foi excepcional. Por iso, e por todo o que compartimos nestes tres anos, **levádesvos un cariño especial**.

A algúns coñecínvos entre lei e lei da termodinámica... e á maioría *sufrínvos* —e vós a min— en Xeración.

Lembro moi ben as vosas caras cando explicamos que o curso se ía converter nunha competición Pokémon: menudo poema!! Algún seguro que pensou que lle estabamos tomando o pelo. Pero o que comezou sendo confusión ou sorpresa, moi pronto se converteu en entusiasmo.

Grazas por metervos no xogo ata o final, e pola vosa implicación para facer que a enxeñaría térmica fose algo divertido de aprender (aínda que, bueno... a quen non lle gusta aprender a queimar cousas?)

E aquí estades hoxe, todas e todos feitos uns **Mega-Charizards**, preparados para alzar o voo e enfrontar novos retos (laborais, académicos ou os que veñan).

Non sei se sodes conscientes do afortunadas e afortunados que sodes ao terdes escollido unhas carreiras como as Enxeñarías en Enerxía e en Recursos Mineiros e Enerxéticos. Son profesións tan versátiles, con tantas saídas... Duras, si (no académico, e tamén *mecánica e ambientalmente falando*), pero preciosas, apaixoantes e imprescindibles para a sociedade.

Moi pronto estaredes facendo o que mellor se nos da aos enxeñeiros e enxeñeiras: **solucionar problemas**. E para iso, botaredes man non só do aprendido nos libros e nas diapositivas, senón tamén de todo o vivido aquí e que vos fixo medrar. Porque si, aprendestes a inverter matrices, ou a previr un apagón eléctrico, pero tamén aprendestes a adaptarvos, a colaborar e tamén a que cando un se equivoca, toca seguir adiante.

Aquí vos deixo os meus consellos:

- **Facede sempre as cousas de xeito que poidades irvos tranquilos a durmir.**
- Defendede o que é xusto, igualitario e sostible. Con humildade, con compañeirismo e con moita gratitude.
- E non temades mancharvos as botas, porque moitas veces esa é a parte máis divertida.

E antes de rematar, teño un pequeno detalle para vós, graduadas, graduados... e “masterizadas”. Non é nin o algoritmo da felicidade, nin un teorema de estabilidade estrutural da tarima da discoteca na que bailaredes esta noite... senón algo un chisco máis simbólico.

Debaixo das vosas butacas atoparedes un saquiño de cor azul. No seu interior agóchanse tres cousas que compartimos no camiño:

- Un **lingote**, como símbolo do coñecemento que acumulastes, que é o voso tesouro máis prezado.
- Un **diamante**, polo enorme valor que tedes como persoas e como profesionais.
- E un **antídoto**, para lembrar que, aínda que non sempre se pode volver atrás, sempre se pode atopar unha solución. Porque iso, ao final, é o que mellor sabe facer un enxeñeiro.

Foron as vosas recompensas en clase, e hoxe volos entrego como tótems da boa sorte. Para que aí fóra, na vida real, non esquezades ata onde chegastes... e todo o que aínda podedes lograr.

Grazas por deixarme ser parte desta aventura. Deséxovos o mellor. Noraboa promoción!

Raquel Pérez Orozco